



INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO

Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións pola Universidade da Coruña; a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo

Curso Académico: 2013-2014

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	<i>Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións pola Universidade da Coruña; a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo</i>
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	ID MEC: 4314355 Verifica: 6875/2013
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Universidade solicitante	Universidade de Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela
Centro onde se imparte o título	<i>Universidade de Santiago de Compostela</i> • Facultade de Filoloxía (SANTIAGO DE COMPOSTELA) <i>Universidade da Coruña</i> • Facultade de Filoloxía (A CORUÑA) <i>Universidade de Vigo</i> • Facultade de Filoloxía e Tradución (VIGO)
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	Universidade de Santiago de Compostela Universidade da Coruña Universidade de Vigo
Responsable do título	Margarita Estévez Saá, Coordinadora do Máster
Correo electrónico do responsable do título	Margarita.estevez.saa@usc.es
Curso de implantación do título	2013-2014
Data última acreditación	30/07/2013
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	Comisión Académica Interuniversitaria do título
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía da USC, tras a preceptiva aprobación por parte da Comisión Académica Interuniversitaria do título.

2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS	
Información pública	Páxina web da Universidade/Centro/Título...
Denominación do título	<p>Toda a información relativa á descripción do título (denominación, número de créditos, duración, centro responsable, coordinador xeral e coordinadores das tres universidades participantes, centros onde se imparte o título, universidade coordinadora, tipo de ensinanza, número de prazas ofertadas, e idioma no que se imparte o título) figura na páxina oficial propia do mesmo que é actualizada periódicamente:</p> <p>http://www.imaes.eu/</p> <p>Esta páxina aparece en lugar prioritario con tan só buscar por “Máster en estudos ingleses” nos buscadores máis frecuentados.</p> <p>Ademáis, as tres universidades participantes no título inclúen información detallada do Máster a tan só dous vínculos das súas páxinas principais:</p> <p>Na USC:</p> <p>http://www.usc.es/masteres/gl/masteres/artes-humanidades/estudios-ingleses-avanzados-aplicacions</p> <p>Na UDC:</p> <p>http://estudios.udc.es/gl/study/start/4505V01</p> <p>Na UVigo:</p> <p>http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl</p> <p>As tres universidades inclúen a información relativa á descripción do título pero, ademáis, remiten aos interesados á páxina propia do Máster onde se completa e actualiza a información do mesmo.</p>
Número de créditos e duración do título	<p>Na USC:</p> <p>http://www.usc.es/masteres/gl/masteres/artes-humanidades/estudios-ingleses-avanzados-aplicacions</p>
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto	<p>Na UDC:</p> <p>http://estudios.udc.es/gl/study/start/4505V01</p> <p>Na UVigo:</p> <p>http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=2948&Itemid=725&lang=gl</p>
Coordinador/a e/ou responsable do título	<p>As tres universidades inclúen a información relativa á descripción do título pero, ademáis, remiten aos interesados á páxina propia do Máster onde se completa e actualiza a información do mesmo.</p>
Centro/s onde se imparte o título	<p>Para aqueles estudantes máis familiarizados coas páxinas web dos centros, ou que desexen obter información dos títulos ofertados nos mesmos, as tres facultades onde se imparte o título ofrecen información visible e actualizada do Máster en Estudos ingleses e remiten aos interesados á páxina web propia do título:</p>
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es participante/s	<p>A Facultade de Filoloxía da USC:</p> <p>http://www.usc.es/fac_filoloxia/</p> <p>A Facultade de Filoloxía da UDC:</p> <p>http://www.udc.gal/centros_departamentos_servizos/centros/detalleCentro/?codigo=613</p>
Tipo de ensinanza	<p>A Facultade de Filoloxía e Traducción da UVigo:</p> <p>http://webs.uvigo.es/ffti/</p>
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	
Idiomas en que se imparte o título	
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Perfil de egreso	<p>No corpo principal da páxina web oficial do título, á que se acede dende as tres Universidades e Facultades participantes no mesmo, figura de xeito explícito a dobre compoñente práctica e investigadora do mesmo, con alusións á formación coa que o Máster dota aos estudantes interesados en solicitar admisión nun programa de Doutoramento e realizar a súa tese de doutoramento; así como á preparación e prácticas que proporciona para aqueles interesados en capacitarse para as demandas do mercado laboral internacional noeido dos estudos ingleses:</p> <p>http://www.imaes.eu</p> <p>Tamén nos trípticos informativos que se distribuíron figuraba información semellante sobre as competencias que se proporcionan aos estudantes e a aplicabilidade das mesmas para o exercicio profesional.</p>
Normativa de permanencia	<p>As tres universidades participantes no título teñen aprobadas e publicadas as súas respectivas normativas de permanencia como así consta tanto na Memoria vixente do título (páxinas 4 e 5), que figura públicamente no apartado “Acreditación e Calidade” (Accreditation and Quality) da web oficial do título, coma nas páxinas respectivas das tres institucións:</p> <p>http://www.usc.es/export/sites/default/es/normativa/descargas/sentenzas/Resolucixn_del_13_de_junio_de_2012x_por_la_que_se_acuerda_la_publicacixn_de_la_normativa_sobre_permanencia_en_las_titulaciones_de_grado_y_mxsterx_aprobada_en_el_Consejo_Social_del_5_de_junio_de_2012.p</p>

	<p><u>df</u> http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/academica/PERMANENCIA.pdf http://www.uvigo.es/uvigo_gl/contenido/novidades/item_0177.html</p> <p>Todos os estudantes son informados sobre esta normativa e as súas repercusións na sesión de benvida que os coordinadores das tres institucións organizan para informar aos seus respectivos estudantes.</p>
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	<p>A memoria vixente do título, que aparece na páxina web oficial do Máster (http://www.imaes.eu), no apartado de Acreditación e Calidade ("Accreditation and Quality") recolle a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos (páxinas 10-12).</p> <p>Os obxectivos, competencias (xerais e específicas), criterios de admisión, procedementos de acollida e orientación a estudantes, plan de acción titorial e perfil de ingreso recomendado tamén foron puntualmente recollidos na memoria á que os estudantes poden acceder directamente na páxina web oficial do título ou a través das tres universidades e facultades que participan no Máster.</p> <p>Moita desta información (obxectivos, competencias, perfil de ingreso recomendado, criterios de admisión, etc.) tamén aparece recollida de xeito desglosado e resumido nas páxinas das tres universidades na sección que adican a oferta de títulos de Máster, premendo no título en Estudos Ingleses. Tamén se incluiu esta información nos trípticos publicitarios que se diseñan anualmente, trípticos que foron distribuídos en papel e virtualmente a listas de distribución da especialidade.</p> <p>Tamén nas sesións informativas celebradas nos tres centros nos que se imparte o título se informou de palabra e mediante folletos informativos dos obxectivos, competencias, criterios de acceso, procedementos de acollida, titorías, sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, etc.</p>
Memoria vixente do título	
Obxectivos do título	
Competencias xerais	
Competencias específicas	
Criterios de acceso e admisión	
Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	
Plan de acción titorial	
Perfil de ingreso recomendado	
Condicións ou probas de acceso especiais, se existen	---
Programas de mobilidade	<p>A tan só dous vínculos dende as páxinas web oficiais das tres universidades participantes no título, os estudantes poden acceder á información sobre programas de mobilidade, convenios existentes, tipo de estudos, etc.:</p> <p>http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/index.html http://international.udc.es http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/ori/</p> <p>Os estudantes máis familiarizados coas webs dos tres centros nos que se imparte o título tamén teñen a oportunidade de acceder á información relacionada cos programas de mobilidade que se ofertan, nas lapelas de mobilidade das Facultades de Filoloxía da USC e da UDC, así como na lapela Relacións Exteriores da Facultade de Filoloxía e Traducción da UVIGO:</p> <p>http://www.usc.es/fac_filoloxia/Mobilidade.html http://www.udc.gal/filo/estudiantes/mobilidade/index.html http://webs.uvigo.es/fft/</p> <p>A memoria oficial verificada do título, que figura na web oficial do mesmo (http://www.imaes.eu), no seu apartado de Planificación das ensinanzas, inclúe información sobre as posibilidades de mobilidade para os estudantes do Máster.</p> <p>Esta información tamén se proporciona de xeito persoal aos estudantes na sesión de benvida anual organizada polos coordinadores nas tres facultades onde se imparte o Máster.</p>
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios	---

e condicións de acceso), se existe ¹	
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso	---
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	A páxina web do título (http://www.imaes.eu) inclúe toda a información relativa á estrutura do programa formativo (módulos obrigatorio e optativos, materias co número de créditos e a súa disposición no tempo, etc.): http://www.imaes.eu/?page_id=31 Na páxina figuran tamén os horarios de impartición das materias nas tres universidades participantes no Máster, que son actualizados e anunciados con antelación suficiente ao comezo do curso académico (http://www.imaes.eu/?page_id=257), así como o profesorado das tres institucións incluíndo as súas liñas de investigación, e forma de contacto: http://www.imaes.eu/?page_id=33 Na mesma páxina web oficial do título se inclúen as guías docentes de tódalas materias, tamén actualizadas anualmente, nas que figura toda a información relativa aos profesores das tres universidades que imparten a asignatura, contidos, competencias, sistema de avaliación e bibliografía máis relevante: http://www.imaes.eu/?page_id=31
Horarios	
Guías docentes/Programación docente ²	Temos incluído a guía correspondente ao Traballo Fin de Máster con indicacións formais sobre o mesmo, información do proceso de defensa do mesmo e convocatorias: http://www.imaes.eu/wp-content/uploads/2014/07/DISSERTATION.pdf
Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.)	Tamén figura a guía da materia Practicum con indicación das institucións coas que o título ten firmados convenios de colaboración. No apartado de "News"/"Novas" da web oficial do título publícase a convocatoria anual de prácticas, as listas de admitidos (provisionais e definitivas), e as listas de adxudicacións (provisionais e definitivas) que tamén se fan públicas ao mesmo tempo nas tres facultades das tres institucións universitarias nas que se imparte o título: http://www.imaes.eu/wp-content/uploads/2014/07/PRACTICUM.pdf http://www.imaes.eu/wp-content/uploads/2013/07/CONVENIOS.pdf
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)	
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto...)	Lembramos que dende as tres Universidades e dende os tres centros se accede á páxina web oficial do título de xeito sinxelo e rápido.
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	A memoria oficial verificada do título, no seu apartado Recursos Materiais e Servizos detallaba os recursos materiais e servizos dos tres centros onde se imparte o título que están a disposición dos estudantes e profesorado que participan no Máster. Ademais, as tres facultades inclúen nas súas páxinas web información relativa a estos recursos: http://www.usc.es/fac_filoxia/a_facultade.html http://www.udc.gal/centros_departamentos_servizos/centros/detalleCentro/?curso=&codigo=613&page=Cod_Infraestructura http://webs.uvigo.es/fft/
Aulas e seminarios	
Laboratorios	
Salas de informática	
Salas de estudo	
Biblioteca	Na sesión de benvinda que se celebra anualmente cos novos estudantes matriculados no título, os coordinadores das tres universidades informan de xeito persoal sobre os servizos que ofertan os centros.
Outros servizos dispoñibles	
Espazos para os representantes de estudantes	
Taxa de graduación	Na memoria oficial verificada do título, que figura na páxina web oficial do título, propoñíamos unha

Taxa de abandono	<p>taxa de graduación do 70%, taxa de abandono do 18%, taxa de eficiencia do 90%, taxa de rendemento do 80%. Estamos en disposición de afirmar aportando indicios que estas taxas se superaron no curso académico 2013-2014 e que as taxas de éxito e inserción laboral son tamén altamente positivas. Esos resultados se irán incorporando á páxina web oficial do título anualmente a medida que as tres institucións participantes no título nos proporcionen os de xeito oficial os indicadores correspondentes. Esta información, da que xa figura un resumen cos datos disponibles na actualidade se recolle no apartado "ACCREDITATION AND QUALITY" da páxina web oficial do título: http://www.imaes.eu/?page_id=1384</p> <p>Tamén a Universidade Coordinadora do título na actualidade, a USC, na páxina correspondente ao título de Máster, lapela "Outra Información" recolle as taxas máis relevantes do título e fainas públicas a medida que se van obtendo:</p> <p>http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/titulacions.html?plan=15048&estudio=15049&codEstudio=14531&valor=9</p>
Taxa de eficiencia	
Taxa de rendemento	
Taxa de éxito	
Taxas de inserción laboral	
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)	
Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título	Os órganos responsables do sistema de garantía de calidade do título son, en última instancia, os centros onde se imparte. Neste caso as tres Universidades participantes teñen aprobado os seus respectivos sistemas de seguimento e garantía de calidade interna dos títulos que se imparten, incluíndo cumprida información das políticas e obxectivos de calidade, e un manual de procedementos. Toda esta información é pública:
Política e obxectivos de calidade	http://www.usc.es/fac_filoloxia/sgic.html http://sgic.udc.es/seguemento.php?id=613 http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rockdownloads&view=folder&Itemid=101
Manual e procedementos do SGC	<p>Nas comisión de garantías de calidade dos tres centros participan os coordinadores do título polo que a coordinación entre os centros e o Máster en relación con este aspecto está garantida. Son, ademais, os coodinadores os encargados de transmitir a información e familiarizar ao estudiantado e ao profesorado do Máster da existencia do sistema, dos seus obxectivos e dos procedementos a seguir.</p> <p>A Comisión Académica Interuniversitaria do título é, en última instancia, o organismo encargado de aplicar, coordinar e velar pla correcta aplicación dos procesos relativos ao seguimento da calidade do Máster.</p>

¹ **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

² **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

1. Descrición do título

Valorarase o criterio de “Descrición do título” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio³

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

O grao de cumprimento do criterio “Descrición do título” considerase satisfactorio dado que os aspectos máis relevantes a ter en conta foron respectados como se ten posto de manifesto mediante as evidencias oportunas. Os aspectos a ter en conta e supervisar en relación co título que se describe son o carácter semipresencial, o número de estudantes matriculados, o número de créditos nos que se poden ou deben matricular, a lingua de impartición das materias e o seguimento da normativa de permanencia das tres universidades. Neste senso considérase que se cumpriron sen problemas todos os aspectos a ter en conta. Por unha banda, compre sinalar que todos estes aspectos do título foron adecuadamente publicitados e explicitados na páxina web propia do título, que inclúe a memoria do mesmo, e á que se accede dende as tres institucións participantes no mesmo; por outra banda, tanto a Comisión Académica Interuniversitaria como as Comisións Académicas de cada unha das tres universidades velaron polo cumprimento de aspectos relativos á descrición do título durante o curso académico 2013-2014, estudando e concedendo as matrículas a tempo parcial e dispensas de asistencia nos casos debidamente solicitados e xustificados en tempo e forma, e aprobando en última instancia a relación de estudantes de novo ingreso, así como supervisando o correcto proceso de matrícula, e a efectiva impartición das clases na lingua oficial do título, o inglés.

Un dos aspectos destacados da descrición do título era a oferta de prazas, un total de 30 para as tres Universidades participantes. Esta oferta viuse ratificada coa matrícula de novo ingreso e inicio de estudos que computou un total de 35 estudantes, trala preceptiva petición de autorización para a lixeira demanda á alza, xustificada en base aos recursos humanos e materiais existentes que podían asumila, e debida principalmente ao feito de que na USC remataban unha titulación de grao así como unha de licenciatura, o que nos comprometía a dar unha resposta á demanda puntual xurdida.

Consideramos que, en liñas xerais, os estudantes matriculados responderon ao perfil de ingreso recomendado na memoria do título e que figuraba de xeito explícito na publicidade institucional do mesmo, tratándose de xeito prioritario de estudantes titulados en estudos ingleses. Non obstante, o nivel foi dispar e considerablemente máis baixo sobre todo no caso dos alumnos estranxeiros. En todo caso, o profesorado amosou a súa satisfacción co perfil e o nivel dos estudantes nas enquisas de satisfacción puntuando este aspecto con 3.56 sobre 4 na USC e 6.23 sobre 7 na UDC.

Como reza o título do máster, éste informa e forma ao estudiantado en relación coas aplicacións académicas e profesionais do título. Consideramos que este aspecto foi moi tido en conta a través da formación proporcionada polas diferentes materias e que, moi particularmente, a variada oferta de prácticas ofertadas no título serviulles tamén para levar a cabo unha reflexión sobre moitas das perspectivas profesionais reais que se abren para os nosos egresados. Este aspecto foi tratado na sesión informativa que os coordinadores mantiveron cos estudantes de cara á convocatoria de prácticas.

Outra característica do título que debemos salientar é o carácter semipresencial do mesmo que conleva unha redución da docencia presencial na aula, que se complementa cun proceso de ensino-aprendizaxe de carácter virtual, materializado e especificado nas guías docentes das distintas materias que conforman o título, que foi respectado polo profesorado e estudiantado e que se reflicte no uso do campus virtual, a programación de tarefas e traballos individuais que son titorizados polos profesores. Consideramos que o carácter do título foi respectado en todo momento e que os estudantes se beneficiaron do mesmo a un triple nivel, como o sinalan os resultados das enquisas de satisfacción dos mesmos: por unha banda implica que moitos alumnos que compatibilizan os estudos de Máster co traballo teñen maiores facilidades para asistir a clase; en segundo lugar, familiarizouse ao estudiantado cun proceso de ensino-aprendizaxe máis dinámico, interactivo e persoal baseado no uso das novas tecnoloxías; en terceiro lugar, conleva un componente de traballo autónomo e responsabilidade que consideramos fundamental a nivel de posgrao.

BOAS PRÁCTICAS⁴:

Destacamos as xornadas informativas que as tres Facultades nas que se imparte o título organizaron en tempo e forma para informar aos estudantes da oferta de Máster, número de prazas, datas de matrícula, estrutura e carácter dos títulos que se imparten, sistemas de recoñecemento de créditos, oferta de prácticas, etc. A esta xornada asistiron un bo número de estudantes de último curso interesados en organizar o seu futuro académico, e tiveron a oportunidade de trasladar dúbidas aos propios coordinadores dos títulos que foron os encargados de presentalos, acompañados polos equipos decanais.

O título e a páxina web do mesmo son anunciados a través das organizacións máis relevantes na disciplina pola coordinadora xeral a través de listas de distribución das mencionadas organización, e repercute positivamente no interese de estudantes doutras comunidades e mesmo do estranxeiro.

O profesorado do Máster nas tres universidades participantes no título amosou a súa familiaridade coas novas tecnoloxías aplicadas ao carácter semipresencial do título, e a súa participación continuada en novos cursos de formación relacionados coas mesmas proba o seu compromiso coa formación continua, un aspecto imprescindible para un título de carácter semipresencial.

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

Modificouse lixeiramente á alza a oferta de prazas no título ao tratarse no caso da USC dun curso académico que debía dar resposta á demanda de solicitudes incrementada polo feito de que remataron o curso anterior unha promoción de licenciados en estudos ingleses e graduados en lingua e literatura inglesas. A solicitude tramitouse ante a Vicerreitoría correspondente e xustificouse en base á devandita demanda, así como á existencia de recursos humanos e materiais que nos permitiron atendela correctamente.

³ **Niveis de valoración:**

- * **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.
- * **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.
- * **Insuficiente (C):** existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.
- * **Ausencia de evidencias documentais (D):** non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

⁴ **Enténdese por boa práctica:** proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

2. Xustificación

Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

A experiencia da primeira edición do Máster durante o curso académico 2013-2014 pon de manifesto o interés e a relevancia do título, tal e como se xustifica na memoria do mesmo, de acordo coas seguintes evidencias:

- A demanda de solicitudes de admisión e de estudantes oficialmente matriculados, un total de 35 (9 na UDC, 22 na USC, e 4 na UVigo) corroboraron as nosas expectativas.
- Dado que se trata dun máster cunha forte orientación investigadora, consideramos oportuno tomar en consideración que un número significativo dos estudantes que no curso pasado obtiveron o título de Máster en Estudos Ingleses, xa se teñen matriculado no programa de doutoramento interuniversitario en Estudos Ingleses (7 na USC e 1 na UDC).
- O Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as Súas Aplicacións é o único programa destas características, disciplina e orientación que se oferta no Sistema Galego de Universidades.
- Nas universidades máis representativas e punteiras españolas e estranxeiras seguen a ofertarse con éxito estudos de Máster de características semellantes ao que se oferta na nosa Comunidade. En foros académicos da especialidade, tanto nacionais (AEDEAN) como internacionais (ESSE), nos que participan os coordinadores do Máster, se estuda, consulta e reflexiona sobre a oferta de títulos relacionados cos estudos ingleses con especialistas externos.
- A elevada taxa de matrícula no Grao en Lingua e Literatura Inglesas da Universidade de Santiago de Compostela (120 alumnos), no Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios da UDC (70 estudantes); así como nos graos en Linguas Estranxeiras (55), e en Tradución e Interpretación da UVigo (116) xustifica a necesidade dun Máster que facilite aos estudantes egresados a posibilidade de especializarse e formarse nun máster que lles permita continuar a súa formación e incluso acceder aos estudos de doutoramento.
- O interés das institucións, organismos e entidades contactados para establecer convenios de prácticas da boa conta da necesidade deste tipo de titulados e da demanda social dos mesmos. Compre dicir a este respecto que, ademais das institucións e organismos que xa participan oficialmente, e tras a firma dos preceptivos convenios nas prácticas do título, novas entidades amosaron o seu interés en participar no prácticum do máster. En consecuencia, estase a traballar na firma de novos convenios, a pesar da variada oferta xa existente.
- Os datos extraoficiais dos que dispoñemos na actualidade indican que os egresados do título de Máster optaron por continuar a súa formación académica en programas de doutoramento (8), por participar en programas de prácticas (1), continuar a súa formación con outros títulos (1), ou se están a insertar no mercado laboral (8). Compre ter en conta o pouco tempo discurrido dende a obtención do título para poder valorar estes datos, así como o feito de que un bo número de estudantes optaron persoalmente por non defender o seu TFM no presente curso académico, entre outros motivos, precisamente por estar traballando (7).
- Destacamos tamén o atractivo a nivel internacional do título que foi quen de atraer a estudantes estranxeiros xa no seu primeiro curso académico de implantación. Algúns deles se matricularon oficialmente do título (3), outros escolleron materias determinadas, como foi o caso de estudantes Erasmus e Erasmus Mundus (5). Tamén recibimos estudantes de fora da nosa comunidade autónoma (2) na primeira edición do título. Estes datos fannos considerar que o título está xustificado incluso máis alá da nosa comunidade, e que as canles de difusión do mesmo funcionaron satisfactoriamente xa o primeiro ano de implantación do título.
- Xa dende o primeiro ano da oferta do título, temos recibido solicitudes de universidades estranxeiras interesadas en unirse á nosa proposta académica a través de convenios de colaboración e incluso sumarse en calidade de universidades participantes. Estase a estudar esta posibilidade, aínda que a duración do título dun ano académico fronte aos dous anos que adoitan a ter os títulos equivalentes no estranxeiro, así como a estrutura propia do noso Máster e a condición do mesmo de interuniversitario, obliáganos a tratar este tema con precaución. Non obstante, consideramos que o mero feito de ter recibido noticia doutras institucións da boa conta do interés do noso título e do éxito na difusión do mesmo.

BOAS PRÁCTICAS:

Dado que se trata dun título interuniversitario propuxemos e así foi aceptado que a pesar de ofertar un número determinado de prazas por universidade, as vacantes puideran ser redistribuídas entre os tres centros participantes no título de ser preciso e sempre que se contén, como é o caso, cos recursos humanos e materiais necesarios. Así, as prazas que non se cubren nunha universidade poden acumularse naquela outra institución que as precisa, como foi o caso no curso académico 2013-2014 onde a maior demanda tivo lugar na USC por mor da coincidencia de alumnos egresados de grao e licenciatura.

Aínda que a oferta de prácticas con institucións e empresas do ámbito público e privado é máis que suficiente e está totalmente asentada, novos organismos amosaron o seu interese en participar no título, e a coordinación do máster está a traballar en novos convenios de colaboración, o que da boa idea do interese do título e da demanda de profesionais relacionados co mesmo.

PROPOSTAS DE MELLORA:**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

3. Competencias

Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Tanto os obxectivos como as competencias básicas, xerais e específicas están detalladas na Memoria Verificada do Título que figura na páxina web oficial do mesmo. O desenvolvemento e a adecuada distribución dos obxectivos a acadar e as competencias a adquirir por parte do estudiantado matízase e materialízase, en primeira instancia, nas guías didácticas das diferentes materias, figurando en todas elas de xeito explícito tanto os obxectivos a acadar como as competencias xerais e específicas cos que cada materia contribúe á formación dos estudantes. Estas guías son actualizadas anualmente e tamén aparecen na páxina web oficial do título. Co fin de comprobar e avaliar o cumprimento dos obxectivos e adquisición real das competencias propostas, neste momento se dispón no título das seguintes evidencias:

- A inclusión e distribución das competencias nas guías didácticas das materias, consensuadas entre os profesores que imparten as materias nas tres universidades galegas, e supervisadas polos respectivos coordinadores, e aprobadas na Comisión Académica Interuniversitaria do Máster.
- Dado o carácter semipresencial do título, todo o profesorado indicou a distribución das tarefas presenciais e das virtuais nas guías das materias, co fin de reflicir os procesos metodolóxicos de ensino-aprendizaxe orientados á adquisición efectiva das competencias propias de cada materia.
- O resultado das enquisas de satisfacción dos estudantes, que inclúen preguntas directamente relacionadas co seu grao de satisfacción e cos coñecementos, habilidades e aptitudes desenvolvidas, foron satisfactorias nas tres universidades sobresaíndo o caso da UVigo onde se acadou unha puntuación de 6 sobre 7. Este aspecto tamén foi avaliado moi positivamente polo profesorado nas súas enquisas, destacando o grao de satisfacción dos profesores da USC (3,89 sobre 4) e da UDC (6.08 sobre 7).
- As memorias de prácticas que os propios estudantes redactan en nas que se lles pide que aludan as competencias adquiridas durante a formación e o desenrolo das prácticas realizadas.
- Os resultados académicos acadados polos estudantes tanto nas distintas materias como no caso das prácticas e no do traballo fin de máster, sendo a taxa de éxito acadada do 98,84%.
- Tanto nas guías docentes coma no discurrir efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe atendeuse á correcta adquisición das competencias no caso de aqueles alumnos que están a compatibilizar os estudos de Máster cun traballo e que solicitaron e se lles concedeu de xeito oficial dispensa académica. Para tal fin todos os profesores se amosaron dispostos a deseñar alternativas de ensino-aprendizaxe que velaran pola efectiva adquisición e avaliación das competencias relacionadas coa súa materia.

BOAS PRÁCTICAS:

Nas instrucións relativas á redación da memoria de prácticas, os coordinadores e os titores académicos enfatizan a necesidade de que os estudantes fagan unha oportuna e coidada reflexión de xeito explícito sobre as competencias adquiridas e desenvolvidas.

PROPOSTAS DE MELLORA:

1. Elaborar enquisas de satisfacción internas anónimas que nos permitan coñecer, de forma explícita e nunha porcentaxe máis significativa, a opinión do profesorado e alumnado das tres institucións participantes no título no relativo ao efectivo proceso de adquisición das competencias no proceso de ensino-aprendizaxe, propostas na Memoria Verificada do Máster.
2. Elaborar enquisas de satisfacción internas anónimas que nos permitan coñecer de forma máis explícita e nunha porcentaxe máis significativa a valoración e o grao de satisfacción dos titores profesionais das prácticas coa adquisición e desenvolvemento das competencias do estudiantado que participa nas mesmas.
3. Consideramos que, dada a experiencia acumulada polas solicitudes de dispensa académica debidamente solicitadas e tramitadas segundo normativa, tódalas guías deben recoller referencia explícita ao sistema de avaliación das competencias que os profesores propuxeron para estos casos.
4. Propoñemos facilitar un novo modelo de informe a cubrir polos titores profesionais das prácticas que lles permita expresar de xeito máis preciso o grao de compromiso dos estudantes coas prácticas realizadas e amose con maior detalle o grao de adquisición das competencias.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

4. Acceso e admisión de estudantes

Valorarase o criterio de “Acceso e admisión de estudantes” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de “Política e procedementos de admisión” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Estamos en disposición de considerar como satisfactorio o cumprimento do criterio relativo ao proceso de “Acceso e admisión de estudantes”, podendo garantir que se seguiron as directrices respecto á publicidade, política e procedementos públicos que facilitan o acceso e a admisión dos estudantes.

En primeiro lugar, os estudantes teñen acceso á información por distintas canles nas que se informa do perfil do estudante recomendado, así como sobre os procesos de admisión e matrícula: páxina web oficial do título, páxinas das tres universidades participantes, páxinas web das facultades onde se imparte.

Tódolos anos se celebran sesións informativas aos estudantes do último curso das titulacións afíns, se publicita o título por medio de trípticos e pósters, e se distribúe información actualizada a través de listas de distribución de asociacións académicas nacionais e internacionais afíns á especialidade.

A publicidade do Máster da conta dos criterios xerais e do límite de prazas que se ofertan, así como especifica o nivel de inglés requerido para estudantes que teñan cursado titulacións afíns.

A esta información pública, debe engadirse a disposición dos coordinadores das tres universidades a respostar ás consultas dos estudantes interesados durante todo o ano, así como o permanente contacto entre as unidades de xestión das universidades e os coordinadores, especialmente importante no caso de estudantes estranxeiros interesados en cursar o título pero que proveñen de titulacións non afíns, ou non cumpren o requisito de coñecemento avanzado da lingua inglesa.

Os criterios de admisión e o número de prazas que se ofertan son revisados anualmente e de xeito coordinado entre as tres universidades participantes no título, a través da Comisión Académica Interuniversitaria do Máster.

O resultado das enquisas de satisfacción do estudantado no relacionado cos criterios e procedementos de admisión foi altamente positivo nas tres institucións participantes no título. Así, na USC os estudantes valoraron este criterio cunha puntuación media de 3.27 sobre 4; na UDC especificaron coñecer os criterios de acceso e admisión (5.60 sobre 7) e mostraronse satisfeitos co proceso (6.20 sobre 7); finalmente, tamén na UVIGO o coñecemento do sistema de admisión foi valorado moi positivamente (6 sobre 7) e o grao de satisfacción co mesmo foi unánime (cunha puntuación media de 7 sobre 7).

BOAS PRÁCTICAS:

Trala experiencia acumulada nos anteriores títulos de Máster que se impartían nas tres universidades galegas, títulos extintos trala oferta do presente Máster Interuniversitario, a Comisión Académica Interuniversitaria adiantouse a traballar nos protocolos para os casos de estudantes que tiveran cursado o período de formación en programas de doutoramento extinguidos, ou que proveñen doutros títulos de postgrado afíns, e estiveran interesados en convalidar materias do Máster Interuniversitario e obter o correspondente título, de xeito que temos xa unha resolución reitoral pola que se aproba o sistema de recoñecemento dun número determinado de créditos para os alumnos que, procedentes de distintas titulacións, solicitan a convalidación de materias no presente título de Máster.

O presente Máster tamén permite cursar complementos formativos a aqueles alumnos que así o soliciten e o necesiten como paso previo á súa admisión no Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Ingleses.

Os coordinadores celebran unha sesión de benvida aos seus respectivos estudantes na que explican o calendario académico, o carácter semipresencial do título e as súas consecuencias metodolóxicas, aconsellan sobre a organización do traballo (con especial énfase na programación do traballo fin de máster).

Debido ao tardío calendario de matrícula oficial nas tres universidades, co fin de que ningún alumno perda o inicio do curso académico, a impartición das materias do título nas tres institucións comenza a principios do mes de outubro.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Elaborar enquisas de satisfacción internas que nos permitan coñecer, de forma explícita e nunha porcentaxe significativa, a opinión do alumnado das tres institucións participantes no título no relativo aos criterios, e sistema de acceso e admisión de estudantes.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
5. Planificación das ensinanzas							
<i>Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de “Planificación da enseñanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Tódolos aspectos relacionados coa planificación das ensinanzas estanse a cumprir e desenvolver de xeito moi satisfactorio e existen datos que así o testemuñan.

A estrutura do Máster cun módulo común no primeiro semestre e dous módulos optativos de especialización durante parte do segundo semestre respetouse escrupulosamente, ofrecendo ao estudiantado a oportunidade de escoller entre materias en lingüística inglesa, ou en literatura e cultura en lingua inglesa.

Nas tres universidades as materias son impartidas por profesores doutores cun elevado grao de especialización o que lles permite transmitir con éxito os contidos que figuran nas guías das materias, cumprir os obxectivos e asegurar que os estudantes adquiren as competencias formuladas en cada materia.

Mantívose plenamente o carácter interuniversitario do título, coordinándose os profesores sen ningunha incidencia á hora de elaborar as guías docentes, incluídas as do Traballo Fin de Máster e Prácticum.

No caso de non haber profesorado especializado nalgunha materia, como aconteceu na asignatura *Cognición e Procesos Cognitivos* na Universidade da Coruña, estableceuse o sistema de docencia por videoconferencia, planificándose previamente a coincidencia de horarios así como o espazo oportuno nas facultades involucradas co fin de que todos os estudantes estiveran igualmente atendidos, adquiriran as mesmas competencias, se cumpriran os obxectivos que figuran na guía e tiveran o mesmo sistema de avaliación.

A planificación das ensinanzas no tempo, rematando as sesións presenciais en abril, facilitou aos estudantes a posibilidade de acadar o título nun curso académico, defendendo en tempo e forma o traballo fin de máster e realizando as prácticas correspondentes, agás nos casos en que por motivos pessoais ou laborais optaron por non facelo.

A planificación das ensinanzas tanto a nivel de contidos como a súa distribución temporal figura de forma pública na páxina web oficial do título, así como nas universidades e facultades nas que se imparte o Máster dende o mes de xuño do curso académico anterior, de xeito que os estudantes poden planificar o seu futuro curso académico antes incluso de se matricular no título.

Desexamos facer mención especial ao cumprimento en tempo e forma do Prácticum, tema que nos preocupaba especialmente. O proceso de publicación da convocatoria de solicitude prazas, prazos de presentación de solicitudes, criterios de adxudicacións, e publicacións das listaxes provisionais e definitivas de solicitantes, así como a publicación de listaxes de adxudicación provisionais e definitivas, desenrolouse de xeito absolutamente coordinado e conxunto entre as tres universidades entre o 17 de febreiro e o 18 de marzo. Posteriormente, as prácticas nas distintas empresas e institucións seleccionadas e adxudicadas aos estudantes se desenvolveron de xeito plenamente satisfactorio como así o reflicen as memorias levadas a cabo polos propios alumnos, nas que tiveron que reflexionar sobre aspectos relacionados co cumprimento do número de horas, as competencias adquiridas ou o trato recibido, entre outros.

A taxa de éxito na realización das prácticas foi do 100% dado que todos os solicitantes as levaron a cabo e as superaron sen problemas (32 alumnos, dous solicitaron convalidacións e unha estudante finalmente optou por non realizalas por motivos laborais).

O Grao de satisfacción amosado polos titores externos profesionais nas empresas e institucións participantes nas prácticas evidencia un resultado conxunto moi satisfactorio de 4.25 sobre unha puntuación de 5.

En liñas xerais, os resultados das enquisas de satisfacción cubertas polos estudantes tamén amosaron o grao de satisfacción dos mesmos coa planificación das ensinanzas superando os catro puntos nas tres institucións (sobre cinco na USC, sobre 7 na UDC e UVigo).

Detectamos no caso da satisfacción dos estudantes coas prácticas unha clara desviación entre a opinión vertida e evidenciada nas Memorias de Prácticas e o resultado das enquisas, satisfactorio aínda que non chegando ao extremo percibido nas memorias (3.99 sobre 5 na USC, 3.29 sobre 7 na UDC, e 4 sobre 7 na UVigo). Consideramos que hai unha dobre vía de interpretación desta desviación, podendo considerar que as memorias non son anónimas, ou ben o menor índice de participación nas enquisas (77,7% na UDC, 69,57% na USC, e 25% na UVigo).

Un aspecto que, de momento, non parece viable no caso do presente título está relacionado coa mobilidade dos estudantes do Máster. Existen convenios a nivel nacional e internacional entre as tres universidades e centros participantes no título con outras institucións nacionais e estranxeiras dos que se poderían beneficiar os nosos estudantes de Máster, pero o deseño do título nun curso académico animaos a tentar rematar os seus estudos na nosa comunidade e non optar por participar en programas de mobilidade. Ademais cómpre destacar o número de estudantes matriculados que compatibilizan estudos e traballo, o que tamén lles fai descartar a opción de estudar fora das nosas institucións. Esta situación contrasta coa recepción de estudantes Erasmus no título que xa tivo lugar no primeiro ano de implantación do mesmo.

Tódolos aspectos relativos á planificación de ensinanzas (deseño e aprobación de guías, implantación do título, apoio e orientación aos estudantes, normativas de matrícula, validacións, exames e cualificacións) seguiron as directrices do programa FIDES-AUDIT nos apartados 4. Planificación do ensino; 5. Programas formativos, e 6. Desenvolvemento dos programas formativos e outras actuacións orientadas á aprendizaxe do estudante. Ademais, todas as tarefas orientadas á planificación das ensinanzas levaronse a cargo de xeito coordinado a través da Comisión Académica Interuniversitaria do título.

BOAS PRÁCTICAS:**PROPOSTAS DE MELLORA:**

1. Elaborar enquisas de satisfacción internas que nos permitan coñecer, de forma explícita e nunha porcentaxe máis significativa, a opinión do profesorado e alumnado das tres institucións participantes no título no relativo á planificación das ensinanzas.
2. Elaborar enquisas de satisfacción internas anónimas que nos permitan coñecer de forma máis explícita e nunha porcentaxe máis significativa a valoración e o grao de satisfacción dos títos profesionais das prácticas coa planificación das ensinanzas do título no que atinxe á materia Prácticum.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

6. Recursos humanos

Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Como se reflicte na Memoria Académica do título, o profesorado do máster nas tres universidades participantes ten o título de doutor, forma parte do persoal estable das respectivas institucións, e son especialistas altamente cualificados. Todos eles teñen experiencia docente e investigadora avalada coa concesión de quinquenios de docencia e sexenios de investigación, méritos que aumentaron durante o curso académico 2013-2014.

Na memoria tamén se incluíron indicacións sobre a participación de boa parte do profesorado en programas de avaliación docente coma o DOCENTIA e os resultados obtidos, sobre a formación continua que reciben estes profesionais e, dado que se trata dun título de carácter semi-presencial, tamén se considerou oportuno indicar o seu coñecemento no uso das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

Tódolos profesores que participan no título teñen tamén longa experiencia na dirección de teses de doutoramento, traballos de investigación tutelados, traballos fin de máster e traballos fin de grao.

Se ben todos os datos anteriores do profesorado figuran na Memoria Verificada do título, que se pode consultar na web oficial do Máster, os seus perfís académicos e liñas de investigación figuran explícitamente na web oficial do título.

Ao longo do curso académico 2013-2014 pódese constatar a continuada participación do profesorado nos cursos e actividades de formación que ofertaron as tres Universidades participantes no título, o que evidencia o compromiso dos docentes coa súa actualización permanente orientada ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Como é natural á area de Estudos Ingleses, o seu profesorado participa anualmente en programas de mobilidade, realiza estadias, e asiste a eventos académicos no estranxeiro.

É preciso destacar a colaboración entre o profesorado das tres institucións participantes no título na organización de actividades académicas que inclúen a invitación a destacados académicos nacionais e internacionais. Estas actividades son oportunamente anunciadas na páxina web oficial do título, no apartado News/Novas, e invítouse aos estudantes do Máster a participar activamente nos eventos cunha resposta satisfactoria pola súa parte. Os eventos académicos organizados e celebrados durante o curso académico 2013-2014 estiveron organizados por grupos de profesorado das tres institucións tanto da especialidade de lingüística inglesa como de literatura e cultura en lingua inglesa.

En canto ao persoal de administración e servizos non variou con respecto ao que se detallaba na memoria e cumpren as obrigas que alí se sinalaron de xeito satisfactorio.

Cómpre destacar a dispoñibilidade do profesorado e do persoal de administración para participar nas tarefas de coordinación do título, tanto no seo das comisións de cada universidade como a nivel da comisión interuniversitaria, nas tarefas de coordinación das materias como é o caso particular do Prácticum, e nos tribunais que xulgan os Traballos Fin de Máster.

Os recursos humanos e a satisfacción cos mesmos, en particular co profesorado do Máster, é un dos aspectos avaliados máis positivamente polos estudantes nas enquisas (3.98 sobre 5 na USC; 6.47 sobre 7 na UVigo, e 4.71 sobre 7 na UDC)

BOAS PRÁCTICAS:

Os grupos de investigación das especialidades en lingüística inglesa e en literatura e cultura en lingua inglesa organizanse a través de redes de investigación de xeito coordinado entre as tres institucións participantes no título, e planifican anualmente eventos académicos especialmente orientados a alumnos de posgrado (Máster e Doutoramento). Durante o curso académico 2013-2014 celebráronse eventos destas características e a participación do alumnado do Máster foi satisfactoria.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Elaborar enquisas de satisfacción internas que nos permitan coñecer, de forma explícita e nunha porcentaxe significativa, a opinión do profesorado e alumnado das tres institucións participantes no título no relativo aos recursos humanos.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

7. Recursos materiais e servizos

Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	----------	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Os recursos materiais e servizos nas tres institucións participantes que foron detallados na Memoria de Verificación do Título, e que se consideraron suficientes e satisfactorios para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, estiveron á disposición do profesorado e estudantes do Máster.

A planificación e distribución de espazos discurriu sen problema nos tres centros nos que se imparte o título e profesorado e estudantado tiveron á súa disposición aulas equipadas coas novas tecnoloxías mesmo nos casos nos que se necesitou impartir docencia por videoconferencia.

Os profesores teñen a posibilidade nas tres universidades participantes no título de recibir formación nas novas tecnoloxías de ensino-aprendizaxe (diversas plataformas campus virtual, pizarras electrónicas, seguimento e avaliación virtual de estudantes, etc.) e son moitos os profesores que ou ben xa obtiveran esta formación ou se beneficiaron da mesma durante o curso académico 2013-2014. Os tres centros facilitan posteriormente a estudantes e profesorado os recursos materiais necesarios para a posta en practica das novas tecnoloxías.

Tamén compre destacar o esforzo realizado nos tres centros polo mantemento e incluso incremento dos fondos bibliográficos necesarios para o desenrolo do título que, dados os recortes no financiamento recibido, se consegue a través das contribucións de grupos de investigación e proxectos. A consecución de novos proxectos e axudas por parte de membros do profesorado das tres universidades participantes no título, contribuirá sen dúbida ao mantemento dos mencionados fondos.

Finalmente, os Sistemas de Garantía Interna de Calidade dos tres centros nos que se imparte o título vela e garante as recomendacións e os requerimentos que figuran no apartado 8. "Recursos materiais e servizos" do programa FIDES-AUDIT que fai referencia a cubrir as necesidades de novos recursos materiais así como á adecuada xestión dos existentes.

O resultado das enquisas nos aspectos relacionados coa satisfacción de profesorado e alumnado do título nas tres institucións cos recursos materiais e servizos amosan resultados positivos no caso dos dous colectivos humanos. O profesorado da USC valorou este aspecto cun 4 sobre 5 puntos e o da UDC cun 6 sobre 7. En canto aos estudantes, os recursos materiais e servizos internos das tres facultades nas que se imparte o título foron valorados tamén en termos positivos (3.41 sobre 5 na USC, 5.43 sobre 7 na UDC, e 6 sobre 7 na UVIGO). Detectamos, sen embargo, nos casos do profesorado da UDC e do estudantado da UVIGO insatisfacción cos servizos externos (cafetería e servizo de reprografía), aínda que se trata de aspectos que saen fora do ámbito estritamente interno do título e centros implicados.

BOAS PRÁCTICAS:

PROPOSTAS DE MELLORA:

Elaborar enquisas de satisfacción internas que nos permitan coñecer, de forma explícita e nunha porcentaxe máis significativa, a opinión do profesorado e alumnado das tres institucións participantes no título no relativo aos recursos materiais.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

8. Resultados previstos

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Valoramos os resultados obtidos no primeiro ano de implantación do novo título como satisfactorio atendendo ás evidencias das que dispoñemos no intre de redactar o presente informe, aínda que cómpre ter en conta que esta valoración podería sufrir modificacións co paso do tempo e a aportación de novas evidencias.

En primeiro lugar, tomamos como referencia as taxas que propuxemos na memoria oficial verificada do título, na que se consideraba esperable e desexable unha taxa de rendemento do 80%, unha taxa de graduación do 70%, unha taxa de eficiencia do 90% e unha taxa de abandono do 18%. As taxas das que temos constancia no momento de presentar este informe son as de rendemento (que superan o 90% nas tres institucións nas que se imparte o título, 90.62%), a taxa de eficiencia que acadou o 100%, e a taxa de éxito que ruperou o 98% (98,84%). Para ter en conta as taxas de graduación e de abandono é preciso esperar o discurrir dun novo curso académico, pola definición das propias taxas na memoria oficial verificada do título ("**Tasa de graduación**: porcentaje de estudiantes que finalizan la enseñanza en el tiempo previsto en el plan de estudios o en un año académico más en relación a su cohorte de entrada"; "**Tasa de abandono**: relación porcentual entre el número total de estudiantes de una cohorte de nuevo ingreso que debieron obtener el título el año académico anterior y que no se han matriculado ni en ese año académico ni en el anterior").

En segundo lugar, temos prestado atención á información recabada sobre as tarefas que están a realizar os alumnos egresados do curso académico 2013-2014. Atendendo a estos datos podemos afirmar que moitos deles entraron a cursar programas de doutoramento (8 estudantes), os que optaron por outras vías e institucións para seguir formándose académicamente (2), os que están a traballar (7). Podemos dicir, por tanto, que máis do 50% por cento do noso alumnado egresado de primeiro ano está xa nestes momentos insertado no mundo académico e/ou laboral.

Consideramos, en termos xerais, que profesorado e PAS amosan nas enquisas de satisfacción resultados positivos en relación coa súa valoración global do título. Sen embargo, é preciso e desexable que as enquisas nun título interuniversitario sexan uniformes, estean coordinadas e unha proporción máis significativa do persoal involucrado participe nas mesmas, motivo polo que propoñemos accións de mellora a este respecto.

De xeito semellante, consideramos pertinente unificar os criterios avaliados, incluír preguntas relativas aos aspectos máis relevantes do título, ofrecer aos estudantes a posibilidade de respostar de xeito global así como avaliar a súa satisfacción coas diferentes materias e, sobre todo, incrementar significativamente a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción das tres universidades, así como obter información máis directa e detallada sobre as expectativas académicas e laborais dos nosos egresados. Tamén neste senso, a Comisión Interuniversitaria aprobou a realización de enquisas internas anónimas e en papel.

BOAS PRÁCTICAS:

Na medida das nosas posibilidades, xa levamos a cabo o seguimento individualizado dos nosos egresados, o que nos permite ter, no momento de redactar o presente informe, información relevante e significativa sobre a situación dos nosos titulados nas tres institucións participantes no Máster.

PROPOSTAS DE MELLORA:

1. Dada a lentitude na recepción das enquisas de satisfacción, e a disparidade de criterios nos aspectos avalidados nas enquisas de estudantes e profesorado nas tres institucións, propoñemos deseñar enquisas para o estudiantado e o profesorado do noso título concreto que reflectan de xeito coordinado e unificado o grao de satisfacción destes axentes cos aspectos máis destacados do mesmo. A xestión destas enquisas dende a propia Comisión Interuniversitaria do título incrementará o grao de participación de profesores e estudantes e facilitará a posibilidade de incorporar reflexións evidenciadas en tódolos aspectos dos Informes Anuais de Seguimento.
2. A páxina web oficial do título, no seu apartado de “Acreditación e Calidade” (Accreditation and Quality) irá incorporando e facendo públicos os datos relativos a satisfacción e ás táxas de resultados académicos a medida que se vaian obtendo.

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

9. Sistema de garantía da calidade

Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e o Sistema de Garantía da Calidade (SGC) do Centro.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Os tres centros nos que se imparte o título teñen implantados os Sistemas de Garantía Interna de Calidade que propoñen obxectivos de calidade, establecen mecanismos e protocolos para incentivar os diferentes aspectos da calidade dos títulos que se ofertan no centro, e articulan sistemas de avaliación do cumprimento dos mesmos. Forman parte das Comisións de Calidade dos tres centros os coordinadores de tódolos títulos que se imparten nos mesmos, co que está garantida a conexión entre o Sistema implantado no Centro e o efectivo seguimento da calidade de cada un dos títulos implicados.

Ao tratarse o Máster en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións dun título interuniversitario cobra especial relevancia o traballo da Comisión Académica Interuniversitaria do mesmo que nas reunións periódicas que mantén, e tal e como se especifica na Memoria Oficial Académica Verificada do mesmo, que citamos a continuación, atende aos seguintes aspectos directamente relacionados co seguimento da calidade do título:

1. Coordinar y supervisar la coherencia académica del título a nivel de contenidos, metodología, guías docentes, y sistemas de evaluación.
2. Supervisar que el procedimiento de selección de estudiantes atienda a los criterios establecidos y respete el principio de igualdad de oportunidades.
3. Seguimiento y evaluación del cumplimiento de los objetivos y adquisición de las competencias que figuran en la Memoria del Programa.
4. Organización y planificación de la docencia y de las metodologías empleadas en el proceso de enseñanza-aprendizaje.
5. Estudio del grado de satisfacción de estudiantes y profesores.
6. Análisis de tasas de éxito en relación con parámetros como resultados académicos, tasas de graduación, de rendimiento, de abandono y de eficiencia.
7. Velar por el mantenimiento de los recursos humanos y materiales necesarios para el buen funcionamiento del título.
8. Actualización y adecuación del título a la(s) normativa(s) más recientes.
9. Publicidad, seguimiento y evaluación de la adecuación del Título a la orientación investigadora del mismo.
10. Fomento, seguimiento y evaluación de las relaciones interuniversitarias y de los convenios con otros organismos e instituciones académicas y profesionales.
11. Tramitación de quejas, sugerencias y acciones de mejora relativas tanto a aspectos académicos y administrativos, como de funcionamiento, difusión y publicidad del programa.
12. Preparación de controles de garantía de calidad a nivel superior: Centro, Universidad, ACSUG, y ANECA.
13. Elaborar, y en su caso, modificar el reglamento de régimen interno de la propia comisión que deberá ser aprobado por la Comisión de Estudios de Posgrado.
14. Aquellas que en un futuro se determinen, y estén recogidas en el Reglamento Interno de la Comisión Académica del Máster.

Tras a experiencia do curso académico 2013-2014, estamos en disposición de afirmar que a Comisión Académica Interuniversitaria do título cumpliu as súas funcións, velando polo efectivo cumprimento dos distintos aspectos que os Sistemas de Calidade dos centros teñen implantados e cumprindo as funcións que lle corresponde en relación aos procesos e procedementos de calidade. Os membros da comisión reuníronse periódicamente facendo rotar as sedes para tales encontros (Santiago, Vigo, A Coruña, Santiago, etc.) e ofrecendo a oportunidade de participar por videoconferencia a aqueles membros da comisión que non puideran estar presentes. Nas reunións coordinouse a oferta de prazas do título, os horarios e guías docentes (proceso de elaboración, coordinación e aprobación das mesmas), actualización da web, protocolos de TFM e Practicum (incluíndo as guías correspondentes), tramitación de suxerencias, solicitudes de dispensa académica ou de matrícula a tempo parcial, preparación e aprobación do informe de seguimento, entre outros temas.

BOAS PRÁCTICAS:

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
10. Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:							
<p>O título de Máster Interuniversitario implantouse trala súa verificación e segundo o previsto no curso académico 2013-2014, nas tres institucións participantes no título, procedéndose así a extinción dos títulos afíns que se viñan impartindo nos tres centros da USC, UDC e UVigo.</p> <p>Na memoria figuran as táboas de adaptación para aqueles estudantes que non tiveran rematado as titulacións que se extinguían nas tres institucións.</p> <p>Data de autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia: Orde do 05/12/2013 (DOG do 20/12/2013); data de publicación no BOE: 04/04/2014</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :							

4. ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN, DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO	
INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
O Informe final de Verificación remitido pola ACSUG, que figura de xeito público no apartado de Acreditación e Calidade da páxina web, non incluía recomendacións e valoraba satisfactoriamente todos os criterios da Memoria Verificada do Título que tamén é pública na mesma páxina. Durante o curso académico 2013-2014 velouse polo efectivo cumprimento de todos os criterios que foran valorados positivamente.	
INFORME FINAL DE MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)

5. PLAN DE MELLORAS

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1
		Tipo	Acción de Mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe Anual de Seguimento 2013-2014
		Descrición orixe	Acción de Mellora correspondente a distintos apartados do Informe, en particular con relación a “Acceso e Admisión de Estudantes”, “Competencias”, “Planificación das Ensinanzas”, “Recursos Humanos”, “Recursos Materiais e Servizos” e “Resultados”
	Definición	Análise causa	A experiencia durante o curso 2013-2014 indícanos a dificultade de obter datos de xeito global e coordinado sobre todos os indicadores máis importantes do título por parte das tres institucións participantes no mesmo. Ademáis, consideramos que o índice de participación nas enquisas de satisfacción de profesores e alumnos pode e debe incrementarse para que sexan evidencias claramente representativas.
		Definición/descrición proposta	Elaboración de enquisas internas anónimas en papel que inclúan de xeito unificado e coordinado todos os aspectos do título a avaliar.
		Data prevista de finalización	Xuño 2015
		Data inicio	Xaneiro 2015
	Responsables	Usuario responsable da implantación	A coordinadora do Máster
		Outros responsables da implantación	Os membros da Comisión Académica Interuniversitaria do título
Tarefa1	Código	AM-1.1	
	Descrición tarefa	Elaboración da enquisa de satisfacción do alumnado	
	Data prevista de finalización	Xuño 2015	
	Persoa responsable	A coordinadora do Máster	
	Usuario responsable	A Comisión Académica Interuniversitaria do título	
Subtarefa 1	Código	AM-1-2	
	Descrición tarefa	Elaboración da enquisa de satisfacción do profesorado	

	Data prevista de finalización	Xuño 2015
	Persoa responsable	A coordinadora do Máster
	Usuario responsable	A Comisión Académica Interuniversitaria do título
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCÍONS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2
		Tipo	Acción de Mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe Anual de Seguimento 2013-2014
		Descrición orixe	Acción de mellora relacionada co apartado “Competencias” e “Planificación das ensinanzas” do informe de seguimento 2013-2014
	Definición	Análise causa	Incrementar a participación dos titores profesionais nas enquisas de satisfacción coas prácticas externas.
		Definición/descrición proposta	Elaborar enquisas de satisfacción dirixidas aos titores profesionais das empresas e organismos participantes no título nas que poidan avaliar de xeito preciso sobre cuestións concretas relacionadas coa planificación das ensinanzas e o desenvolvemente das competencias dos estudantes.
		Data prevista de finalización	Xuño 2015
		Data inicio	Xaneiro 2015
	Responsables	Usuario responsable da implantación	A coordinadora do Máster
		Outros responsables da implantación	A Comisión Académica Interuniversitaria do título
Tarefa1	Código	AM-2.1	
	Descrición tarefa	Elaboración de enquisas de satisfacción internas dirixidas aos titores profesionais do Prácticum do Máster	
	Data prevista de finalización	Xuño 2015	

	Persoa responsable	A Coordinadora do título
	Usuario responsable	A Comisión Académica Interuniversitaria do título

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-3
		Tipo	Acción de Mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe Anual de Seguimento 2013-2014
		Descrición orixe	Acción de mellora relacionada co apartado "Competencias" do informe de seguimento 2013-2014
	Definición	Análise causa	A experiencia durante o curso académico 2013-2014, no que se tramitaron en tempo e forma e segundo normativa solicitudes de dispensa académica, fixo que moitos profesores tiveran que propoñer sistemas alternativos de avaliación de competencias para os estudantes aos que se lles concedeu tal dispensa.
		Definición/descrición proposta	Incorporar nas guías de todas as materias do título información explícita sobre o proceso de avaliación das competencias para aqueles estudantes que soliciten e se lles conceda dispensa oficial de asistencia a clase segundo normativa.
		Data prevista de finalización	Maio 2015
		Data inicio	Xaneiro 2015
	Responsables	Usuario responsable da implantación	A coordinadora do Máster
Outros responsables da implantación		Os profesores das materias e autores das respectivas guías, coordinados polos membros da Comisión Académica Interuniversitaria do título	
Tarefa1	Código	AM-3.1	
	Descrición tarefa	Incorporar nas guías das materias información sobre o proceso de avaliación de competencias dos estudantes con dispensa académica.	
	Data prevista de finalización	Maio 2015	
	Persoa responsable	Os distintos profesores das diferentes materias e autores das guías.	
	Usuario responsable	A Comisión Académica Interuniversitaria do título	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-4
		Tipo	Acción de Mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe Anual de Seguimento 2013-2014
		Descrición orixe	Acción de mellora relacionada co apartado "Competencias" do informe de seguimento 2013-2014
	Definición	Análise causa	Facilitar aos titores profesionais de empresas, organismos e institucións participantes no Prácticum a posibilidade de expresar e valorar de xeito máis preciso o compromiso dos estudantes coas prácticas realizadas e o seu grao de adquisición e desenvolvemento de competencias
		Definición/descrición proposta	Deseño dun novo formulario de valoración das prácticas dos estudantes a cubrir polos titores profesionais externos.
		Data prevista de finalización	Xuño 2015
		Data inicio	Xaneiro 2015
	Responsables	Usuario responsable da implantación	A coordinadora do Máster
		Outros responsables da implantación	Os membros da Comisión Académica Interuniversitaria do título
Tarefa1	Código	AM-4.1	
	Descrición tarefa	Deseño dun novo formulario de valoración das prácticas dos estudantes a cubrir polos titores profesionais externos.	
	Data prevista de finalización	Xuño 2015	
	Persoa responsable	A coordinadora do Máster	
	Usuario responsable	A Comisión Académica Interuniversitaria do título	
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
	Usuario responsable		

Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIONES DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-5
		Tipo	Acción de Mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe Anual de Seguimento 2013-2014
		Descrición orixe	Acción de mellora relacionada co apartado "Resultados previstos" do informe de seguimento 2013-2014
	Definición	Análise causa	Velar a nivel interuniversitario pola calidade do título e facer públicos os datos relativos á mesma
		Definición/descrición proposta	Incluir no apartado "Acreditación e Calidade" (Accreditation and Quality) da páxina web oficial do título, os resultados e taxas máis relevantes respecto aos anos académicos anteriores.
		Data prevista de finalización	Outubro 2016
		Data inicio	Xaneiro 2015
	Responsables	Usuario responsable da implantación	A coordinadora do Máster
		Outros responsables da implantación	Os membros da Comisión Académica Interuniversitaria do título
Tarefa1	Código	AM5.1	
	Descrición tarefa	Estudar, resumir e visualizar os resultados e taxas do título a medida que se vaian facendo oficiais.	
	Data prevista de finalización	Outubro 2016, e anualmente mentres o título esté vixente.	
	Persoa responsable	A coordinadora do Máster	
	Usuario responsable	A Comisión Académica Interuniversitaria do título	
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		

	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.